

PALABRAS DE MANUEL FRAGA IRIBARNE,
PRESIDENTE DA XUNTA,
NO DIA DE GALICIA.

SANTIAGO DE COMPOSTELA
25 DE XULLO DE 1990

Señoras e Señores:

Hoxe celebramos institucionalmente o Día de Galicia.

A data de hoxe, 25 de Xullo, Día de Santiago e Día de Galicia, é a efeméride máis salientable na nosa terra. Cando celebrámo-lo Día de Santiago estamos a celebra-la revitalización da nosa personalidade, a conciencia de ser nós mesmos, no espiritual, no económico, no social, nos costumes, no recordo da nosa tradición e nas nosas ansias de modernidade.

Hoxe é a festa da nosa autoidentificación. Quen ten un especial relevo e importancia, porque pensamos que o crecemento é o resultado de ensamblar identidade con solidariedade. Neste día, ó abeiro protector da figura do apóstolo Santiago, os galegos reafirmámonos na nosa vocación autonómica, na nosa vontade de sermos nós na nosa terra.

Reafirmamos, hoxe, a nosa fe na solución autonómica coa convicción de que, a través das institucións do autogoberno, a Administración e mailo poder achéganse, dun xeito práctico, ós cidadáns, facendo posible o emprego racional dos recursos sociais, económicos e culturais de Galicia. En suma, os recursos humanos da nosa Comunidade.

Hoxe, seis meses despois da constitución do Goberno que eu teño a honra de presidir, os galegos, poder te-la certeza de que a Xunta de Galicia non aceptará nin vai caer ela mesma en ningún novo xeito de centralismo.

Pola contra, da mesma maneira en que o apóstolo Santiago é patrimonio e símbolo de tódolos galegos -sen distincións de provincias, vilas ou lugares-, a Xunta que eu presido está a erguer unha Administración que ten como obxectivo sobranceiro a descentralización e a desconcentración das súas competencias. Todo un proceso que xorde dunha dobre convicción: por unha banda, porque pensamos que co aproveitamento das potencialidades das entidades locais, dos municipios, das comarcas e das provincias, estamos a aproveita-la potencialidade real e conxunta de tódolos homes e mulleres de Galicia. Pola outra, porque cremos tamén na autonomía en canto que nace da liberdade e fai da liberdade e da iniciativa unha canle de progreso. Todo isto, compatible coa adecuada promoción e coordinación dos esforzos de tódolos gallegos e das súas institucións.

Desde esta perspectiva, Galicia, o Goberno galego, ofrece -pero tamén esixe, a máis auténtica solidariedade con tódolos pobos de España e de Europa, esa Europa amiga, vertebrada a través dos séculos polo Camiño de Santiago.

O Goberno de España está a asumir-lo feito de que Galicia é unha comunidade histórica que aspira lexitimamente a acadar-las teitos de autogoberno que a Constitución e mailo Estatuto de autonomía lle recoñecen. Cómpre, así mesmo, que Europa recoñeza e asuma tamén o necesario papel que as rexións deben desempeñar no longo e esperanzador proceso da construción da unidade europea.

Son, estes, proxectos e obxectivos que, sen desacougo, están a callar definitivamente entre a cidadanía. E son todos vostedes, que honran este momento coa súa presenza, homes e mulleres de excepción que sen dúbida representan a aqueles que estaban no maxín de don Ramón OTERO PEDRAYO, cando se refería á "exemplaridade dos poucos", a exemplaridade dos líderes de opinión que han facer posible que estas ideas, estes proxectos e obxectivos, galbanicen no cerebro e na alma de tódolos galegos, no traxectos histórico que ha levar a Galicia ó lugar que lle corresponde entre os pobos máis desenvolvidos da Europa occidental.

Para que Galicia e os galegos poidamos dar fe da nosa galeguidade e sintámo-lo orgullo de posuir e de nos expresar na lingua dos nosos devanceiros. Esa mesma lingua que o meu clamado amigo Cunqueiro, pouco antes de finar, lembraba coa emoción dunha pregaria, con estas palabras:

"LOUVADO SEXA DEUS PORQUE ME PERMITIU NACER, MEDRAR, FACERME HOME E AGORA ENVELLECER NESTE GRANDE REINO QUE CHAMAMOS GALICIA; NESTE GRANDE REINO DA FISTERRA QUE VAI DESDE OS MONTES ATA O MAR, ONDE BRILLAN OS PES DO VENTO; ESTE PAIS DOS DEZ MIL RIOS, DO VELLO CAMIÑO DAS PEREGRINACIONS, ESTE PAIS DOS MIL VALES, ESTE PAIS FERMOSE E ETERNAMENTE VERDE, PATRIA QUERIDA, A TERRA NO SENSO BARRESIANO: AS PATRIAS SON A TERRA E OS MORTOS. GRACIAS A DEUS POR ESTE REINO.

LOUVADO SEXA DEUS TAMEN POR TERME DADO O DON DA FALA. POR TERME ENSINADO A DICIR "RULA" E "BIDUEIRA" E "DORNA" E "FONTE", E ENTON EU SABENDO ESTAS PALABRAS ERA VERDADEIRAMENTE DONO DA RULA E DA BIDUEIRA E DA DORNA E DA PONTE E DA FONTE.

AS MIÑAS INVENCIONS E AS MIÑAS MAXIAS TEÑEN NEMBARGANTES UN SENSO MAIS FONDO: POR RIBA E POR BAIXO DO QUE EU FAGO, EU QUIXEN E QUERO QUE A FALA GALEGA DURASE E CONTINUASE, PORQUE A DURACION DA FALA E A UNICA POSIBILIDADE DE QUE NOS DUREMOS COMO POBO.

EU QUIXEN QUE GALICIA CONTINUASE, E O LADO DA PATRIA TERREAL, DA PATRIA QUE SON A TERRA E OS MORTOS, HAI ESTA OUTRA PATRIA QUE E A NOSA FALA".

Palabras de Alvaro Cunqueiro, nome ilustre a quen estará dedicado o Día das letras galegas do próximo ano, e que expresan o sentimento dun home e o sentimento de todo un pobo, o sempre fermoso e entrañable pobo galego que nos outorga a todos nós a razón de ser e de vivir.

Palabras que indican un camiño esperanzador.

Para que Galicia e os galegos, todos, sen excepción, sexamos ó cabo como unha única vontade, como único é o interese que guía ó Goberno galego a prol do progreso e do benestar da nosa terra.

Pero Galicia esténdese máis alá dos seus límites físicos. Os mellores galegos viven fóra da terra que os viu nacer. Por iso, a Galicia emigrante está sempre presente na nosa mente e no noso corazón, porque os galegos na emigración son, sen dúbida, un modelo para que sigamos os que aquí estamos. Pensamos constantemente no máis do millón de galegos que, polos camiños de mundo, viven na saudade de Galicia -Terra de promisión perdida- que, a pesar dos seus enormes recursos, non pode dar acubillo a tódolos seus fillos. Isto obrígame a manifestar solemnemente que non regatearei esforzos ata conseguir unha Galicia sen emigrantes, e así evita-la dor da

distancia que LOPEZ ABENTE reflicte moi ben na súa poesía, cando dí:

"QUERO VOLVER DE NOVO A VIVIR NA PAISAXE
DE DUROS PENEDOS E CABOS TORMENTOSOS
ENTRE OS SANTOS TERRONS DA NATIVA PARAXE
QUE DESEXO PERCORRAN OS MEUS CANSADOS OSOS..."

E chegado aquí, quero manifestar un desexo entrañable consistente en que tódolos galegos -da emigración e do interior, da costa e da montaña, todos xuntos- se sintan intimamente vinculados para sentiren e defenderen a personalidade de Galicia e os seus lexítimos intereses.

Quero tamén pedirlle ó apóstolo Santiago que nos axude a sermos un pobo unido, un pobo integrado por homes e mulleres dispostos a mostrarse orgullosos do seu traballo, da súa intelixencia e da súa xenerosidade. E a tódolos aquí presentes que non regateen esforzos para edificar Galicia. E eu asegúrolles que, de facérmolo así, conseguiremo-la mellora e o engrandecemento da nosa terra.

Moitas gracias.